

LISTA DE ASISTENTES

Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
José Ramón Fernández Bernárdez
Alberto Gil Solla
José Carlos López Ardao
Cristina López Bravo
Roberto López Valcarce

Outros asistentes:

Desculpan asistencia:

Martín Llamas Nistal

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de dezaioito de decembro de dous mil dezaioito, reunida ás 11:00h na sala A019 (seminario TSC) da EE de Telecomunicación.

O Martes **día 18 de decembro de 2018**, ás 11:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores
- 3.- Aprobación, se procede, da solicitude de admisión de Tomás Lestayo Martínez.
- 4.- Asuntos de trámite
- 5.- Rogos e preguntas

Punto 1. Informe da coordinadora.

A coordinadora informa de:

1. José Carlos López Ardao entra a formar parte de la CAPD en substitución de Manuel Fernández Veiga.
2. Migrouse toda a información do programa que estaba en Dropbox o Disco Privado Virtual (DPV) da UVigo.
3. O día 17 houbo reunión do Comité de Dirección da EIDO:
 - a. Revisouse o sistema de garantía de calidade, a implantar o longo de 2019.
 - b. O Ministerio ven de aprobar unha moratoria de dous anos para a acreditación dos programas de doutoramento.
 - c. A ACSUG prepara un plan piloto de acreditación para o 2019.
 - d. Constatouse unha baixada da primeira matrícula no doutoramento.
4. O alumno Moisés Mera Iglesias retirou a súa tese de doutoramento.

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase por asentimento o acta de data 17/10/2018.

Punto 3. Aprobación, se procede, da solicitude de admisión de Tomás Lestayo Martínez.

Tras comprobar que o solicitante cumpre os criterios de admisión e que hai prazas libres no programa, apróbase a solicitude, asignándose como titor a Manuel Fernández Veiga.

Punto 4. Asuntos de trámite

Apróbanse as solicitudes de dedicación a tempo parcial de:

- Amr Adel Abdelrehim
- Bruno Fernandes da Silva
- Tomás Lestayo Martínez
- Nuno Melo Figueiredo
- Iván Otero González
- Joao Teles Vagarinho
- Jose Manuel Viamontes Martins

Apróbase a baixa temporal de Fernando García Novo polo curso 2018/19.

Apróbase recoñecer as seguintes actividades do programa de doutoramento:

- A publicación internacional de Hicham Klaina “Characterization of Near-Ground Radio Propagation Channel for Wireless Sensor Network with Application in Smart Agriculture” en MDPI Proceedings.
- A comunicación de Luis Serpa Andrade no congreso internacional II World Engineering Education Conference EDUNINE2018.

Apróbanse as estadías de:

- Hicham Klaina na Abdelmalek Essaadi University en Tetuán, Marrocos, dende o 26 de decembro de 2018 ó 23 de marzo de 2019. Esta estadía non computará cara a obtención da Mención Internacional por tratarse do seu país de orixe.
- Mateo Ramos Merino na Universidade do Minho, Portugal, dende o 10 de decembro de 2018 ó 11 de xaneiro de 2019.

Apróbase a prórroga dos estudos de doutoramento de Mina Namazi.

Apróbase a asignación como codirector de Yasser ElGeddawy de Fernando A. Mikic Fonte

Apróbase o declaración de Fátima Castro Jul consonte o cambio do título de tese aprobado pola CAPD o 24/9/2018 non altera a adecuación do seu proxecto ás liñas estratéxicas de investigación definidas a Orde do 17/2/2016 pola que se establecen as bases para a concesión, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG.

Punto 6. Rogos e preguntas

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar remata a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº
A Presidenta,

Carmen García Mateo